



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para a introdución do concepto de pobreza enerxética e medidas para a súa erradicación.**

Cada vez é maior a dificultade de moitas persoas e familias para atender aos gastos de subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, unhas 187.119 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboar as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción...) ao ter que dedicar máis do 10% dos seus ingresos ao pago deses recibos.

Este feito é a chamada pobreza enerxética que demanda accións políticas decididas e concretas para combater esta lamentábel situación. A conxuntura económica xeral provoca a dificultade de moitas familias para atender o pago dos subministros, o que fai conveniente establecer uns parámetros económicos obxectivos que definen as persoas que se atopan en situación de pobreza enerxética, así como establecer as medidas que as protexan de posibles interrupcións do subministro, en especial durante os meses de inverno.

Asemade implica que sexa necesario establecer os parámetros que definan o concepto de persoa *en situación de pobreza enerxética*, segundo xa indica a propia *Directiva 2009/72/CE de 13 de xullo de 2009*. Esta directiva contén o mandato aos estados membros de adoptar as medidas adecuadas para garantir o abastecemento eléctrico aos consumidores vulnerábeis, directiva que se traspuxo ao dereito estatal polo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Real Decreto-lei 13/2012, de 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas e polas que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e do gas. Este Real Decreto-Lei modificou o artigo 44 da Lei estatal 54/1997, do Sector Eléctrico, e que introduciu a regulación do consumidor vulnerábel, aínda que remitiu as condicións sociais, de consumo e poder adquisitivo a un desenvolvemento regulamentario posterior.

A presente Proposición de lei avanza nesta dirección, ao contemplar o concepto de pobreza enerxética e deseñar medidas que axuden a combatela. Neste sentido, a norma consta de un artigo único, que modifica a *Lei 2/2012*, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. Así, engádense dous novos artigos na citada lei, para introducir o concepto de pobreza enerxética e para a introdución de medidas que teñan como obxectivo a erradicación da pobreza enerxética. Completan esta proposición de lei unha disposición derogatoria das normas que se opoñan ao disposto na mesma e unha disposición derradeira relativa á entrada en vigor da norma.

Artigo único. Modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Un. Inclúese un novo Artigo 3 bis, coa seguinte redacción.

“Artigo 3 bis. Concepto de pobreza enerxética.

1. Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas-electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dous. Inclúese un novo Artigo 8 bis, coa seguinte redacción.

“Artigo 8 bis. Medidas para a erradicación da pobreza enerxética.

1. Ao recibir un aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas as persoas en situación de vulnerabilidade económica que cumpran os requisitos de persoa en situación de pobreza enerxética, deben presentar no prazo máximo de 20 días dende a súa recepción un informe dos servizos sociais sobre a súa situación persoal ou, no seu caso, copia da solicitude rexistrada de solicitar a súa emisión.

As administracións públicas responsábeis deben emitir este informe no prazo máximo de 15 días, dende a data da súa solicitude. Este informe acreditará o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 3 bis, terá unha vixencia de seis meses a partir da súa emisión, sen prexuízo da súa renovación.

2. As empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas acordarán coas Administracións Públicas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

3. As empresas subministradoras de acordo coa normativa vixente habilitarán os mecanismos de información necesarios para poñer en coñecemento dos servizos sociais básicos e dos usuarios/as, a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

4. A Xunta de Galiza farase cargo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.”



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas de normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE
MODIFICACIÓN DA LEI 2/2012, DO 28 DE MARZO, GALEGA DE
PROTECCIÓN XERAL DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS, PARA
A INTRODUCCIÓN DO CONCEPTO DE POBREZA ENERXÉTICA E MEDIDAS
PARA A SÚA ERRADICACIÓN.**

-Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas
consumidoras e usuarias.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

Daniel Rodas Chapela

Cosme Pombo Rodríguez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 22/10/2014 12:30:55

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/10/2014 12:31:01

María Tareixa Paz Franco na data 22/10/2014 12:31:07

María Montserrat Prado Cores na data 22/10/2014 12:31:13

Daniel Rodas Chapela na data 22/10/2014 12:31:17

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 22/10/2014 12:31:21

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/10/2014 12:31:23